




A mediados do século 12, e aínda moito despois, díciase Sta. María de Vilaza; pero actualmente e dalgún tempo a esta parte dise Villaza. No ano de 1106 o Conde Dn. Ramón marido da Raíña Da. Urraca fixo doazón do coto de Vilaza a Payo Gómez e a súa muller Da. Mayor: o Rei Dn. fernando 2º de León en Marzo de 1170 deu ao Bispo e Cabido de Tui en recompensa do terreo que lle tomara para mudar a el esta Cidade entre outras cousas, cautum de Vilaza, quomodo habuístis in diebus Comitís G. (Gometius) que así dí: no de 1288 Dn. Sancho 4º. concedeu ao Bispo da mesma Igrexa Dn. Juan fernández de Sotomayor o poñer Xuíz e Merino no Coto de Vilaza: finalmente no de 1390 conseguiu o Cabido Catedral de Tui sentencía sobre o dereito que tiña de percibir Luctuosa en Vilaza. Venera por Patroa tutelar a Sta. María nosa Señora (247), a quen celebran aquí a súa festa o 8 de Setembro. Habitana 114 veciños, que corresponden polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gobernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Valen os seus décimos 12.000 reais, dos que leva o Párroco a terceira parte, e as dúas tercias restantes o Cabido Catedral de Tui: aquel ten casa reitoral e igrexario de 18¼ ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual en foros e quintos 6 ferrados de centeo, 16 de millo, 18 cabazos de viño e 14 reais. A fábrica da Igrexa cobra medio ferrado de trigo e 41 reais con 27 marabedís. Paga ao dito Cabido de Tui 4 reais e 30 marabedís de censorias. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Ten Capelas da Purísima Concepción, Sn. Xosé e Sn. Luís Bispo. Dista da Capital 2 leguas e cuarto. (ÁVILA Y LA CUEVA, 504-505).



Igrexa parroquial

Esta igrexa foi reconstruída partindo doutra de menores proporcións.

É dunha soa nave de planta rectangular e con ábsida, tamén rectangular, con máis altura que a nave.

No lado norte engadíuselle a sancristía.

A fachada oeste está flanqueada por dúas pilastras que rematan en volutas estilizadas con pináculos (246).

A portada ten arco alintelado, adórnase con recercado destacado e está acobadada.

Enriba da porta hai unha cartela coa seguinte inscrición:

ESTA FRONTERA Y CAMPANA SE HIZO A EXPENSAS DE D. JULIÁN GARCÍA Y GONZÁLEZ,
NATURAL DE ESTA PARROQUIA. AÑO DE 1824.

E a continuación unha fiestra tamén moldurada e acobadada.

A fachada cóbrese con espadana central de dous ocos no seu primeiro corpo e rematada con frontón curvo moldurado e dous pináculos, e sobre el un cono pétreo cunha cruz metálica.

Todas as fiestras presentan recercado exterior e abucinamento para o interior.

Os paramentos laterais remátanse cunha cornixa lineal de pedra moldurada.

As bóvedas son de canón na nave e de aresta na ábsida.

Un gran arco toral do medio punto separa a nave do presbiterio (248).

Sobre as pilastras do paramento exterior na fachada sur ten gravadas unha cruz cos extremos dos brazos rematados en círculo.

FESTAS E ROMAXES DE VILAZA

- A Patroa: 8 de Setembro.

